

1. O título III da Constitución española de 1978 leva como título:

- a) Da Coroa.
- b) Das Cortes Xerais.
- c) Dos dereitos e deberes fundamentais.
- d) Do Poder Xudicial.

2. Segundo o artigo 18.4 da Constitución Española de 1978 a lei limitará o uso da informática para que se garanta:

- a) O honor e intimidade persoal e familiar soamente en caso de menores de idade.
- b) Non poderá limitarse o uso da informática, salvo resolución xudicial.
- c) O honor e maila intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.
- d) Non poderá limitarse o uso da informática, salvo en situación de estado de alarma.

3. Segundo o artigo 138.2 da Constitución Española, as diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas non poderán implicar:

- a) Privilexios de ningún tipo, en ningún caso.
- b) Privilexios económicos ou sociais, salvo que o dispoña una lei.
- c) Privilexios fiscais, sociais e laborais, salvo que o dispoña una lei.
- d) Privilexios económicos ou sociais, en ningún caso.

4. Segundo o artigo 149 da Constitución Española, cal das seguintes materias non poden ser asumidas polas Comunidades Autónomas ao ser competencia exclusiva do Estado?:

- a) Administración de Xustiza.
- b) Os montes e aproveitamentos forestais.
- c) Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.
- d) Asistencia social.

5. De acordo co artigo 76.1 da Constitución Española, poderán nomear Comisións de investigación sobre calquera asunto de interese público:

- a) Soamente o Congreso, e as súas conclusións serán vinculantes para os Tribunais.
- b) O Congreso e o Senado, e as súas conclusións non serán vinculantes para os Tribunais.
- c) O Senado sempre que o autorice previamente o Congreso, e as súas conclusións serán vinculantes para os Tribunais.
- d) O Congreso e o Senado, e as súas conclusións serán vinculantes para os Tribunais.

6. Segundo o artigo 123.1 da Constitución Española, o Tribunal Supremo:

- a) Ten xurisdición en toda España, e é o órgano xurisdicional superior para todas as ordes, sen ningunha excepción.
- b) Ten xurisdición no territorio español peninsular, e é o órgano xurisdicional superior para todas as ordes.
- c) Ten xurisdición nas Comunidades Autónomas de Cataluña, Galicia e País Vasco, e é o órgano xurisdicional superior para todas as ordes.
- d) Ten xurisdición en toda España, e é o órgano xurisdicional superior en todas as ordes, salvo o disposto en materia de garantías constitucionais.

7. Que institución das seguintes, representa a todos os cidadáns dos Estados da Unión Europea, e os seus membros son elixidos directamente polos cidadáns mediante sufraxio universal directo?

- a) O Parlamento Europeo.
- b) O Consello Europeo.
- c) A Comisión Europea.
- d) O Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

8. Indica cales dos seguintes tipos de actos xurídicos, son legislativos, directamente aplicables en todos os estados membros da Unión Europea, e son obrigatorios en todos os seus elementos:

- a) Ningunha das outras opcións é a resposta correcta.
- b) Directivas.
- c) Recomendacións.
- d) Regulamentos.

9. Dentro dos órganos de cooperación entre o Estado e Comunidades Autónomas, a Conferencia de Presidentes é ...

- a) O órgano de máximo nivel político de cooperación entre o Estado e todas as Comunidades Autónomas, de cooperación multilateral.
- b) O máximo órgano político de cooperación entre o Estado e Comunidades Autónomas, relativo soamente a competencias de sanidade e economía.
- c) O máximo órgano político de cooperación entre o Estado e unha Comunidade Autónoma concreta, mediante acordos bilaterais.
- d) O máximo órgano político de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas de Galicia, Cataluña e País Vasco.

10. Tendo en conta o artigo 103.1 da Constitución Española, cal dos seguintes non é un principio de actuación da Administración Pública?

- a) Xerarquía.
- b) Coordinación.
- c) Eficacia.
- d) Centralización.

11. Salvo as extraordinarias, as sesións plenarias han de convocarse polo menos:

- a) Con dous días naturais de antelación.
- b) Con tres días naturais de antelación.
- c) Cun día hábil de antelación.

d) Con dous días hábiles de antelación.

12. As corporacións municipais constitúense:

a) En sesión pública o décimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentou recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúe o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

b) En sesión pública o trixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentou recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúe o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

c) En sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentou recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúe o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

d) Ningunha das anteriores opcións é correcta.

13. As entidades locais non poderán esixir taxas por:

a) Servizos de protección civil.

b) Servizos de casas de baños.

c) A colocación de tubaxes en galerías de servizo da titularidade das entidades locais.

d) Inspección de caldeiras de vapor.

14. Cal das seguintes expresións poden considerarse sinónimas?

a) Ordenanza e bando.

b) Bando e disposición.

c) Regulamento e bando.

d) Ordenanza e regulamento.

15. Pode algún grupo político someter á consideración do Pleno algún asunto non comprendido na orde do día?

- a) Só por razóns de urxencia xustificada, e se o Pleno considera mediante votación a procedencia do seu debate.
- b) Se ten cabida no capítulo de rogos e preguntas.
- c) Non, nunca se os asuntos estivesen fose da orde do día.
- d) Si, se se trata de temas de tramitación, debate e votación sobre moción de censura.

16. Segundo a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a delegación de competencias da Comunidade Autónoma en favor das entidades locais realizarase mediante

- a) Decreto do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Lei do Parlamento galego.
- c) Orde do presidente da Xunta.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

17. As ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais comezarán a aplicarse no momento da súa publicación definitiva en:

- a) No DOG.
- b) No DOG o BOP e o BOE.
- c) No BOP.
- d) No DOG o BOP e o BOE e na sede electrónica municipal.

18. Cal dos seguintes servizos non é obrigatorio en todos os municipios?

- a) Iluminación pública.
- b) Cemiterio.
- c) Rede de sumidoiros.
- d) Protección Civil.

19. Segundo o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia,

- a) As linguas propias de Galicia son o español e o galego.
- b) O galego é a lingua propia de Galicia.

- c) As linguas propias de Galicia son o castelán e o galego.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

20. As entidades locais no exercicio das súas competencias e relacións con outras administracións públicas deberán:

- a) Coordinalas naqueles servizos que non transcendan o interese público da propia entidade local.
- b) Coordinalas con outras administracións excepto no caso de non poder asegurar o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- c) Coordinar as relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos.
- d) Las funciones de coordinación no pueden ser compatibles con la autonomía de las Entidades Locales.

21 O artigo 141 da Constitución Española destaca que “a provincia é unha entidade local con personalidade xurídica...”

- a) Propia.
- b) Plena.
- c) Única.
- d) Indivisible.

22. Que órganos existirán en tódalas Diputacións?

- a) O Presidente, os Vicepresidentes, a Xunta de Goberno e o Pleno.
- b) O Presidente, os Tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno e o Pleno
- c) O Presidente, a Xunta de Goberno e o Pleno.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

23. Como poden ser as sesións dos órganos colexiados locais?

- a) Ordinarias e extraordinarias.
- b) Ordinarias, extraordinarias e excepcionais.
- c) Ordinarias, extraordinarias e extraordinarias de carácter urgente.

- d) Ordinarias, excepcionais, extraordinarias e extraordinarias de carácter uxente.

24. En ningún caso poderá constituirse validamente unha sesión ordinaria do Pleno dun Concello composto por 27 membros:

- a) Se falta o Alcalde, aínda que asista no seu lugar un Teniente de Alcalde.
- b) Se falta o Secretario ou quen legalmente o substitúa.
- c) Se se encontra o Secretario, pero só asisten, incluído o Alcalde, 9 membros.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

25. Segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento de Administración Común das Administracións Públicas, os rexistros electrónicos:

- a) Especificarán nas súas disposicións de creación o órgano ou unidade responsable da súa xestión, así como a data e hora oficial e os días declarados como inhábiles.
- b) Emitirán automaticamente un recibo do asento que se practique que non terá a consideración de copia autenticada do documento que se rexistra.
- c) Permitirán a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións só os días hábiles.
- d) Dividiranse en Rexistro Electrónico Xeral para cada Administración e rexistros Auxiliares, independentes e non conectados co Rexistro Xeral.

26. As notificacións por medios electrónicos practícaranse:

- a) A través da dirección electrónica habilitada única exclusivamente.
- b) Mediante comparecencia na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante e a través da dirección electrónica habilitada única.
- c) Todas son correctas
- d) Mediante comparecencia na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante exclusivamente.

27. Quen dos seguintes suxeitos estarán obrigados a relacionarse, en todo caso, a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, de acordo coa Lei 39/2015?

- a) As personas físicas.
- b) Quen represente a un interesado, aínda que este non estea obrigado. a relacionarse electrónicamente coa Administración.
- c) Os empregados das Administracións Públicas.
- d) Os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

28. Entre os compoñentes da Comisión de Transparencia e Bo Goberno non se atopa:

- a) Un representante do Tribunal de Contas.
- b) Un Diputado.
- c) Un Senador.
- d) Un representante do Tribunal Constitucional.

29. Indique cal das seguintes categorías de datos NON se considera unha categoría especial, segundo o artigo 9 do RGPD:

- a) Relativos á saúde.
- b) Administrativos.
- c) De relixión.
- d) De orixe racial.

30. É una novidade da actual Lei Orgánica de Protección de Datos respecto á anterior xa derogada:

- a) A incorporación do dereito de acceso.
- b) O dereito de oposición.
- c) A garantía dos dereitos dixitais dos cidadáns.
- d) O dereito de rectificación e cancelación.

31. Cal dos seguintes NON é un principio de protección de datos:

- a) Exactitude dos datos.
- b) Tratamento baseado no consentimento do afectado.

- c) Transparencia e información ao afectado.
- d) Deber de confidencialidade.

32. De acordo co artigo 32 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo aos principios de responsabilidade (sinala a incorrecta):

- a) Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.
- b) A anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contencioso administrativa dos actos ou disposicións administrativas presupón, por si mesma, dereito á indemnización.
- c) En todo caso, o dano alegado haberá de ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.
- d) Se a lesión é consecuencia da aplicación dunha norma con rango de lei declarada inconstitucional, procederá a súa indemnización cando o particular obtivese, en calquera instancia, sentenza firme desestimatoria dun recurso contra a actuación administrativa que ocasionou o dano, sempre que se alegase a inconstitucionalidade posteriormente declarada.

33. De acordo co artigo 36 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o procedemento para a esixencia de responsabilidade iniciarase por acordo do órgano competente que se notificará aos interesados e constará o trámite de:

- a) Alegacións durante un prazo de dez días.
- b) Práctica das probas admitidas e calquera outras que o órgano competente estime oportunas durante un prazo de vinte días.
- c) Audiencia durante un prazo de quince días.

d) Resolución polo órgano competente no prazo de cinco días.

34. De acordo co artigo 100 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

a) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo directo cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivécese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

b) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído polo incremento de valor, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívose ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

c) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivécese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

d) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra, cando non sexa necesaria a obtención da correspondente licenza de obras ou

urbanística ou a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

35. De acordo co artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

a) Os concellos esixirán, de acordo con esta lei e as disposicións que a desenvolven, os seguintes impostos:

- i. Imposto sobre Bens Inmóbles.
- ii. Imposto sobre Actividades Económicas.
- iii. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

b) Así mesmo, os concellos establecerán e esixirán o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, de acordo con esta lei, as disposicións que a desenvolvan e as respectivas ordenanzas fiscais.

c) Os concellos poderán esixir, de acordo con esta lei e as disposicións que a desenvolven, os seguintes impostos:

- i. Imposto sobre Bens Inmóbles.
- ii. Imposto sobre Actividades Económicas.
- iii. Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

d) Así mesmo, os concellos poderán establecer e esixir o Imposto sobre vehículos de Tracción Mecánica e o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, de acordo con esta lei, as disposicións que a desenvolvan e as respectivas ordenanzas fiscais.

36. De acordo co artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

a) O orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido á Entidade Local da que dependan antes do 15 de outubro de

cada ano, acompañado da documentación detallada no apartado anterior.

b) O orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido á Entidade Local da que dependan antes do 15 de decembro de cada ano, acompañado da documentación detallada no apartado anterior.

c) O orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido á Entidade Local da que dependan antes do 15 de setembro de cada ano, acompañado da documentación detallada no apartado anterior.

d) O orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido á Entidade Local da que dependan antes do 15 de marzo de cada ano, acompañado da documentación detallada no apartado anterior.

37. De acordo co artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

a) Cuando haxa de realizarse algún gasto que poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

b) O expediente, que haberá de ser previamente informado pola Intervención, someterase á aprobación do Alcalde Presidente da corporación.

c) O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón.

d) Dito aumento financiarase mediante operacións de crédito e/o mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

38. De acordo co artigo 6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (sinala a incorrecta):

- a) Con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na presente lei.
- b) As bases reguladoras de cada tipo de subvención publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do órgano concedente.
- c) Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir o requisito da tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.
- d) Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir o requisito da aprobación do gasto polo órgano competente.

39. De acordo co artigo 12 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (sinala a incorrecta):

- a) É obriga da entidade colaboradora entregar aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención e no convenio celebrado coa entidade concedente.
- b) É obriga da entidade colaboradora comprobar, no seu caso, o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- c) É obriga da entidade colaboradora xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o Tribunal de Contas e, no seu caso, entregar a xustificación presentada polos beneficiarios.
- d) É obriga da entidade colaboradora someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos poida

efectuar o órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

40. De acordo con o artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias (sinale a incorrecta):

- a) A existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos.
- b) A substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario.
- c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se ditén en desenvolvemento deste Estatuto.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de doce meses.

41. De acordo coa Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, a duración do permiso previsto no artigo 121, ampliarase nos casos e polos períodos que a continuación se determinan:

- a) Discapacidade do fillo ou filla, dúas semanas máis para cada un dos proxenitores.
- b) Partos múltiples, dúas semanas máis para cada fillo a partir do segundo, unha para cada un dos proxenitores.
- c) Partos prematuros nos que o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, tantos días como o neonato atópese hospitalizado, ata un máximo de 12 semanas.

d) Partos nos que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado, ata un máximo de 12 semanas adicionais.

42. Conforme ao artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas non implicará a anulabilidade do acto.
- b) O defecto de forma so determinará a anulabilidade cando o acto non careza dos requisitos indispensables para alcanzar o seu fin.
- c) Son anulables os actos da administración que incorra en desviación de poder.
- d) Son anulables os actos da administración que teña un contido imposible.

43. Conforme ao disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) A comunicación sempre deberase presentar antes do inicio da actividade.
- b) A comunicación poderá presentarse dentro dun prazo posterior ao inicio da actividade cando a lexislación correspondente o prevexa expresamente.
- c) A comunicación poderá presentarse dentro de un prazo posterior ao inicio da actividades, cando a Administración preste a súa conformidade.
- d) Ningunha é correcta porque a comunicación non se regula no artigo 69 da Lei 39/2015.

44. Contra a desestimación presunta dun acto administrativo o prazo para interpoñer o recurso de alzada será:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

d) Ningunha resposta é correcta.

45. Que concepto económico determina a competencia do órgano de contratación?

- a) Valor estimado.
- b) Orzamento base de licitación.
- c) Prezo.
- d) Estimación do gasto.

46. No procedemento aberto é certo que:

- a) A proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación vincula á administración.
- b) A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto, podendo retirar a súa oferta en calquera momento.
- c) Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo con a proposta formulada deberá motivar a súa decisión.
- d) A proposta de adxudicación só pode ser modificada por razóns de interese público.

47. Segundo o disposto no artigo 52 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, o prazo máximo para resolver o procedemento de deslinde será de:

- a) Seis meses, contados desde a data do acordo de iniciación.
- b) 1 ano, contado desde a data do acordo de iniciación.
- c) Dezaioito meses, contados desde a data do acordo de iniciación.
- d) Dous anos, contados desde a data do acordo de iniciación.

48. O dereito de adquisición preferente de bens patrimoniais regulado no artigo 103 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas poderá ser exercitado:

- a) Dentro do prazo de 15 días naturais seguintes a aquel en que se lles notifique de forma fidedigna a decisión de allear a leira, o prezo e as demais condicións esenciais da transmisión.
- b) Dentro do prazo de 30 días naturais seguintes a aquel en que se lles notifique de forma fidedigna a decisión de allear a leira, o prezo e as demais condicións esenciais da transmisión.
- c) Dentro do prazo de 10 días hábiles seguintes a aquel en que se lles notifique de forma fidedigna a decisión de allear a leira, o prezo e as demais condicións esenciais da transmisión.
- d) Dentro do prazo de 20 días naturais seguintes a aquel en que se lles notifique de forma fidedigna a decisión de allear a leira, o prezo e as demais condicións esenciais da transmisión.

49. De acordo con o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións públicas, no que respecta a as especialidades no inicio dos procedementos de natureza sancionadora, non é correcto que:

- a) En ningún caso poderase impoñer unha sanción sen que se tramitou o oportuno procedemento.
- b) Considerarase que un órgano é competente para iniciar o procedemento cando así o determinen as normas xurídicas aplicables ao mesmo.
- c) Os procedementos de natureza sancionadora inicianse sempre de oficio por acordo do órgano competente e establecerán a debida separación entre a fase instrutora e a sancionadora, que se encomendará a órganos distintos.
- d) Non se poderán iniciar novos procedementos de carácter sancionador por feitos ou condutas tipificadas como infraccións en cuxa comisión o infractor persista de forma continuada, en tanto non recaese unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo.

50. A desistencia do procedemento administrativo consiste en:

- a) Abandonar a pretensión concreta que se solicitaba.
- b) Renunciar ao dereito no que se funda a solicitude.
- c) O arquivo das actuacións practicadas hasta o momento.
- d) A caducidade do procedemento.

PREGUNTAS DE RESERVA

51. De acordo co artigo 158 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, son infraccións urbanísticas moi graves (sinala a incorrecta):

- a) Las obras e actividades realizadas en chan rústico que estean prohibidas pola presente lei e as parcelacións urbanísticas.
- b) La realización de obras de urbanización sen a previa aprobación do plan e proxecto de urbanización esixibles.
- c) La demolición de bens inmobles que o plan urbanístico inclúa nos catálogos de bens protexidos.
- d) O incumprimento das condicións de edificación establecidas na presente lei para o chan rústico e a realización de actividades sen o preceptivo título habilitante municipal ou sen autorización autonómica, cando esta sexa esixible de acordo coa presente lei, ou incumprindo as súas condicións.

52. De acordo co artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa da demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas:

- a) En su defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de tres meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a tres meses.

- b) En su defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de tres meses e o de terminación de dous anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- c) En su defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- d) En su defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de dous anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a tres meses.

53. De acordo co artigo 159 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia:

- a) Las sancións urbanísticas impostas por faltas moi graves prescribirán ao cinco anos.
- b) Las sancións urbanísticas impostas por faltas graves prescribirán aos dous anos.
- c) Las sancións urbanísticas impostas por faltas moi graves prescribirán ao seis anos.
- d) Las sancións urbanísticas impostas por faltas graves prescribirán ao ano.

54. De acordo co artigo 161 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, as infraccións urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma (sinala a incorrecta):

- a) Las infraccións leves, con carácter xeral, con multa de 300 a 6.000 euros e, como mínimo, o 2 % do valor da obra, instalación ou actuación realizada, no seu caso.
- b) Las infraccións graves, con carácter xeral, con multa de 6.001 a 60.000 euros e, como mínimo, o 20 % do valor da obra, terreos, exceso de edificación ou actuación realizada, no seu caso.
- c) Las infraccións leves, con multa de 600 a 6.000 de euros e, como mínimo, o 3 % do valor das obras, terreos, edificacións ou actuacións realizadas, no seu caso.

d) Las infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 de euros e, como mínimo, o 30 % do valor das obras, terreos, edificacións ou actuacións realizadas, no seu caso.